

Unidade 1

Unidade 1, exercicio 1

- Ei! Que hai, Ana?
- Ola! Pois moi ben. E ti a que andas?
- Pois nada, por aquí...
- Temos que quedar un día.
- Non hai fallo! Vémonos.
- Vale, deica!

- Bos días compañeira!
- Home, compadre! Como che vai, oh?
- Non me queixo, e ti?
- Ben, ben. Por aquí seguimos...
- Pois nada, adeus.
- Veña, ata pronto.

- Boa tarde, señora.
- Boa tarde.
- Que tal todo, ben?
- Moi ben, grazas.
- Non hai de que, un pracer. Ata a próxima.
- Grazas, que vaia ben.

- Ola, boas noites.
- Boas, que hai?
- Ben, imos tirando...
- Veña, ata logo.
- Abur.

- Ola, meu rei.
- Ola, avoa.
- Que tal hoxe?
- Non moi ben!
- Ai, ai, ai...

Unidade 1, exercicio 3

- Eu son Iolanda.
- E ti, como te chamas?
- Chámome Nati.
- E ela, como se chama?
- Ela chámase Irene.

- Desculpa, cal é o teu nome?
- O meu nome é Aldara.
- E pódeme dicir o nome do teu acompañante?
- Si, claro. El é Toño.
- Moitas grazas.

- Este da foto son eu cos meus veciños na festa da vila. Mira, tamén saen Lucía e Xoán.
- Quen é Lucía?
- Ela é a miña muller.
- E o outro rapaz?
- É un amigo.

Unidade 1, exercicio 6

O hórreo
As feiras
A xente
O licor café
As bateas
A pedra
As árbores
Os areais
A literatura
A choiva

Unidade 1, exercicio 9, parte A

a	casa	
b	bolígrafo	
c	caderno	cesto
d	dedo	
e	selo	pêza
f	folla	
g	auga	
h	hospital	
i	inxección	iogur
l	lingua	
m	margarida	
n	nen	
ñ	niño	
o	onda	ovo
p	papeleira	
q	Qatar	
r	revista	ferida
s	sinal	
t	teléfono	
u	unlla	ouro
v	vasoira	
x	xabón	taxi
z	zapato	

Unidade 1, exercicio 9, parte B

j	jockey
ç	Valença do Minho
k	bikini
w	sándwich
y	spray

Unidade 1, exercicio 10

- Diga?
- Ola, boas tardes.
- Boas tardes.
- Está Roberto?
- Si, un momentinho. Agora se pon.
- Si?
- Roberto?

- Si.
- Ola son Eva.
- Que Eva?
- A profe do curso de galego.
- Ah! Ola Eva, que tal?
- Ben. Chamo para avisar de que mañá non temos clase.
- Vale. Moitas grazas.
- Nada. Ata logo.
- Adeus.